

#### a.-) INFORME

Analizadas as manifestacións realizadas polo alegante no escrito presentado perante o Concello de Marín, este Equipo Redactor ha de efectuar as seguintes **CONSIDERACIÓNS**:

1.- Manifesta que o PXOM non tivo en conta as medidas de protección do litoral e cita o parágrafo 2º do artigo 13.3 da LOUGA:

*"Os Núcleos Rurais situados na franxa de 200 metros desde o límite interior da ribeira non poderán ser ampliados en dirección ao mar agás nos casos excepcionais en que o Consello da Xunta o autorice expresamente, pola especial configuración da zona costeira onde se atopen ou por motivos xustificados de interese público, probando a necesidade da iniciativa, a oportunidade e a súa conveniencia en relación co interese xeral."*

Debemos indicar que a liña de servidume de protección rebaixouse a 20 metros nos Núcleos Rurais Costeiros (Aguete, Casás, Loira e A Teoira) sobre a base das tramitacións que o Concello de Marín está realizando coa Dirección Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia e a Dirección Xeral de Costas do Ministerio de Medio Ambiente, diante da problemática revelada por algúns núcleos poboacionais existentes e, certamente, sen ningún "interese económico duns poucos en enriquecerse a conta da costa", como sinala no seu escrito.

2.- O PXOM de Marín respectou o artigo 6 do Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de augas no referente á zona de servidume e á zona de policía, e así se reflicte nas páxinas 243 e 244 das Normas Urbanísticas. Expresamente sinalan:

*"Igualmente, Marín conta con espazos fluviais naturais, semi-naturais e escasamente naturais xunto ás zonas edificadas das localidades. O valor que cobran os estreitos soutos e ribeiras radica na excepcionalidade da vexetación que conteñen e na súa singularidade paisaxística. De aí que se defínisen, en liñas xerais, unhas zonas de protección de 100 metros."*

No entanto, este criterio varía cando:

- se localizan estradas paralelas ao curso da canle dentro da zona de 100 m, o que provoca que a zona se reduza até o límite coa estrada.

- están dentro da zona de 100 m Solos de Núcleo Rural, Zonas de Expansión ou Solos Urbanizábeis Delimitados, o que motiva que se opte por:

a) reducir a zona de protección até o límite dos citados solos cando os ditos límites se atopen a máis de 30 m da canle, medido a ambas as dúas marxes.

b) sinalar como zona de policía máxima unha distancia de 30 m desde a canle en ambas as dúas marxes, cando a zona de policía afecte a este tipo de solos."

3.- O Estudo de Inundabilidade propón a canalización da parte final dos ríos para facilitar o paso da auga e impedir posibles problemas por acumulación de materiais na canle. Na desembocadura do río Loira propónse a canalización nos seus últimos 350 metros, e na do río Lameira, tamén nos seus últimos 400 metros, lamentando o Equipo Redactor que discrepe das propostas que efectúa o PXOM para evitar as posibles inundacións.

Así mesmo, no resumo que se fai na Memoria do PXOM expúxose a conveniencia, ante posibles desbordamentos, dun desbaste de grosos con limpeza automática no punto onde comeza a canalización subterránea do río Lameira, no núcleo de Marín. Tamén se propón, co fin de evitar a concentración de materiais nas canles dos ríos, a súa canalización, sobre todo nos ríos Loira e Lameira.

4.- O Equipo Redactor, tras estudar a información agrolóxica de que dispón a Xunta de Galicia e que se recolle no Estudo do Medio Rural, procedeu á análise *in situ* dos terreos, observando que algúns dos espazos cuxa eliminación se propón non reúnen as características do Solo Rústico de Protección Agropecuaria na actualidade, malia figuraren no mapa agrolóxico que o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación confeccionou no seu día, é dicir, os Sectores R-2 e RB-G.1 e RB-G.2.

Polo que respecta aos outros solos, o informe da Dirección Xeral de Urbanismo é correcto, mais cita expresamente "a falta dunha xustificación concreta e detallada ao respecto...". Por tanto, o Equipo Redactor quere manifestar os motivos de que, aínda que a Dirección Xeral solicitara a eliminación de determinados Solos Urbanizábeis Delimitados, se mantivesen tales delimitacións:

1º) O Equipo Redactor entende que, talvez, non explicasen adecuadamente o porqué das ditas clasificacións.

O Equipo Redactor, tras a análise territorial e baseándose nos **actuais usos**, elabora o mapa de "Unidades de Paisaxe", onde pode observarse que os Sectores R-A, R-B, R-C, RHT-3, RHT-4, RHT-5, R-BG-1, R-BG-2, PIC-1, RHT-3.1, RHT-3.3, PIM-1, PIM-2 E R-DT se atopan dentro da "Paisaxe Agraria" e por tanto, nun principio, parecería que deberan clasificarse como S.R.E.P. Agropecuaria; porén, clasifícanse como urbanizábeis porque se entendeu que:

a) o PXOM que se ofrece é a longo prazo e cun Solo Rústico clasificado; non fai viábel nun futuro atopar argumentos para a súa desclasificación.

b) os terreos, aínda tendo en conta o seu marcado carácter agrario na actualidade, non poñen de manifesto a existencia de explotacións que o avalen, malia a súa potencialidade agrícola.

c) a necesidade de creación de Solo Industrial, avalada polos intereses amosados por Xestur en desenvolver ese tipo de solo nas proximidades da Vía rápida, con fácil conexión a esta.

d) conseguir pechar a configuración dos núcleos de Marín e Seixo ao tempo que se obtén patrimonio municipal, co fin de regular o mercado do solo e favorecer actuacións baseadas en permutas ou convenios, diante do escaso patrimonio municipal con que conta o Concello de Marín.

Esta actuación, dentro do tempo previsto, compensaba a perda do carácter agrario (16,70 do total actual), permitindo a realización desde o Concello, e tomando este a iniciativa, do desenvolvemento do PXOM.

No entanto, se os motivos expostos non son aceptados pola Dirección Xeral de Urbanismo, o Equipo Redactor proporalle a clasificación como Solo Rústico Especialmente Protexido, de Protección Agropecuaria.

#### b.-) PROPOSTA

Por todo isto **non procede** ter en conta a alegación presentada sobre a base da documentación da Aprobación Inicial exposta ao público, sen prexuízo de que, como consecuencia da elaboración da nova documentación que recolla as indicacións que os distintos Organismos Oficiais sinalaron e remitiron nos seus preceptivos informes, así como documentación de Avaliación Ambiental Estratéxica, se puidesen recoller na dita documentación aspectos da alegación.